



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA PARA A "ANÁLISE DE BIOTOXINAS DENTRO DO CONTROL OFICIAL DE MOLUSCOS BIVALVOS".

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que o Conselleiro de Sanidade formalizou o día 18 de XULLO de 2025 co Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia a contar dende o día seguinte ao da data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2028.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *"o establecemento dunha liña específica de colaboración [...] que posibilite a transmisión bidireccional da información relativa a biotoxinas, criterios microbiolóxicos (salmonella, vibrio, e norovirus) dioxinas de PCB's e metais pesados dos moluscos bivalvos procedentes das rías galegas e a realización de análises de biotoxinas para o control sanitario dos moluscos bivalvos procedentes de establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia, facilitando o exercicio das competencias de control sanitario atribuídas á Consellería de Sanidade e á Consellería do Mar."*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

"O 4 de febreiro de 2016 as Consellerías representadas no presente acordo, xunto coas competentes en materia de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de Medio Rural e de Economía, Emprego e Industria, asinaron un acordo de colaboración para o establecemento dunha Rede Integrada de Laboratorios de Interese en Saúde Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxecto do citado acordo de colaboración foi o establecemento dunha Rede Integrada de laboratorios (REDGALICIA), que permitira o uso coordinado dos distintos laboratorios de que dispoñen os departamentos asinantes, e que xerasen datos de interese para a Saúde Pública.

Dita rede configúrase como o instrumento de intercambio efectivo de información de carácter técnico-científico no que participan diversos laboratorios públicos que xeran información de transcendental importancia para as actuacións a realizar en materia de saúde pública, consistentes entre outras, na realización de análises ou na vixilancia ou o control da saúde da poboación galega, directamente ou a través dos seus factores de risco ou outros aspectos que resulten de interese.

Entre os laboratorios integrantes da Rede atópase o Laboratorio do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia dependente da Consellería do Mar [...].

As dúas partes recoñecen que o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño, ente de dereito público, adscrito á Consellería do Mar, segundo o artigo 1.4 da lei 3/2004, de 7 de xuño,

pola que se crea o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, conta cos medios e competencia técnica axeitadas para levar a cabo os controis anteditos. O referido Instituto é o instrumento da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio das funcións de control de calidade do medio mariño, de aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar, en materia de seguridade alimentaria e de asesoría técnico-científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura, no ámbito das zonas de produción en augas da competencia da Comunidade Autónoma.

Por resolución da Dirección Executiva da Axencia Española da Seguridade Alimentaria de 30 de setembro de 2021, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño foi designado laboratorio nacional de referencia para o control das biotoxinas mariñas [...].”

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

